



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Lingua Galega e Comunicación Oral	Código	613G02021	
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo aplicado de aspectos gramaticais, especialmente fonéticos e pragmáticos, con incidencia na comunicación oral da lingua galega.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A4	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.
A9	Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega, española e inglesa.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A21	Dominar a gramática da lingua galega.
A23	Coñecer a situación sociolingüística da lingua galega.
A25	Coñecer a variación lingüística da lingua galega.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
O alumnado deberá saber diferenciar, na teoría e na práctica oral, os fonemas vocálicos e consonánticos galegos, ben como as súas realizacións.	A4	B3	C1
	A15	B4	



O alumnado deberá demostrar coñecementos avanzados en prosodia e fonética sintáctica da lingua galega.	A4 A9 A15 A21	B3	
O alumnado deberá ser capaz de realizar enunciados orais espontáneos en lingua galega con calidade fonética e prosódica, ben como de locutar textos formais escritos.	A4 A9 A10 A15	B4	C3 C6
O alumnado deberá ser capaz de recoñecer variedades diafásicas orais da lingua galega e de transitar por elas na súa práctica oral.	A4 A15 A21	B3	C1
O alumnado deberá recoñecer o valor da diversidade oral da lingua galega e ser quen de superar na súa práctica oral os prexuízos relativos á fonética patrimonial e aos diferentes sotaques (incluído o dos neofalantes).	A23 A25	B8 B10	C4 C6
O alumnado deberá saber analizar a calidade fonética, prosódica e fonoestilística dun texto oral galego e presentar resultados por escrito de maneira organizada, sintética e dentro dos estándares da redacción académica.	A1 A2 A10 A15 A21	B1 B2 B6 B7	C1 C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Comunicación e lingua oral	1.1. Comunicación e linguaxe 1.2. Comunicación oral. Situación comunicativa, actos de fala e funcións lingüísticas 1.3. Lingua oral. Análise da comunicación oral espontánea e formal 1.4. Estratexias e xestión da comunicación oral
2. Fonética e Fonoloxía	2.1. Perspectiva histórica da distinción Fonética-Fonoloxía 2.2. Fonética. Fonética articulatória (o aparello fonador), acústica e auditiva. Os sons e os alófonos 2.3. Fonoloxía. Os fonemas: definición e delimitación, conmutación, oposición, neutralización e arquifonema 2.4. A transcrición fonética, fonolóxica e do discurso oral
3. Sistema fonético-fonolóxico da lingua galega	3.1. O sistema vocálico. Fenómenos de alteración vocálica 3.2. O sistema consonántico. Fenómenos de alteración consonántica 3.3. A sílaba 3.4. Rendibilidade expresiva: a fonoestilística
4. Trazos prosódicos da lingua galega	4.1. A cadea falada. Fonética sintáctica 4.2. O acento e a entoación 4.3. Dicción e locución

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A4 A10 A25 B7 C6	21	10	31
Obradoiro	A1 A4 A15 A21 A23 B1 B3 B8 B10	27	22	49
Lecturas	A4 B1 B3 B6 B7 C6	0	10	10



Traballos tutelados	A2 A4 A9 A15 A21 A25 B1 B2 B3 B4 B6 C3 C4	1	30	31
Proba mixta	A1 A2 A4 A9 A15 A21 B4 C1	0	20	20
Presentación oral	A4 A15 A21 B3 B4 B6 C1 C3 C6	1	7	8
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia. Entre estas actividades contémpanse, alén doutras, a análise de textos orais de carácter dialectal, o comentario fonético de textos de tipoloxía variada, as prácticas de transcripción fonética e fonolóxica, a resolución de problemas, as discusións dirixidas, probas de varia tipoloxía e estudos de casos.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo tutelado relacionado coa oralidade, en que se pretende fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo. O título concreto e o seu desenvolvemento deberán ser acordados co profesor. Deste traballo derivará unha presentación oral.
Proba mixta	Trátase dunha proba escrita que recollerá actividades en que se avalíen os contidos do curso (actividades teóricas, transcripción fonético-fonolóxica, comentario fonético de textos etc.).
Presentación oral	Cada alumno ou alumna realizará unha presentación oral do "Traballo tutelado" e outras exposicións orais relacionadas co "Obradoiro".

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Presentación oral	Ao lado do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización dos "Traballos Tutelados". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Obradoiro	A1 A4 A15 A21 A23 B1 B3 B8 B10	Avaliarase a realización correcta das actividades prácticas derivadas das sesións maxistras (análise de textos, transcripción fonético-fonolóxica etc.).	10
Traballos tutelados	A2 A4 A9 A15 A21 A25 B1 B2 B3 B4 B6 C3 C4	Valorarase fundamentalmente a aprendizaxe autónoma, o grao de consecución das destrezas propias da materia, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	20
Presentación oral	A4 A15 A21 B3 B4 B6 C1 C3 C6	Serán valorados a calidade fonética, os recursos e as estratexias expositivas empregadas, a coherencia e a cohesión do discurso, a clareza da exposición etc.	20
Proba mixta	A1 A2 A4 A9 A15 A21 B4 C1	Valoraranse os contidos, a clareza e rigor expositivo e mais a calidade lingüística, así como a resolución acertada dos exercicios prácticos.	50

Observacións avaliación



Cuestións

xerais:

1. Para superar a materia,

o alumnado deberá conseguir globalmente unha cualificación igual ou superior a 5 valores sobre 10. Na proba mixta terá de obter como mínimo 5 valores sobre 10 para poder sumar os restantes elementos de avaliación.

2. O alumnado terá de entregar

os traballos no prazo fixado e deberán seguir as pautas marcadas en cada caso, polo que os traballos entregados fóra de prazo ou que non cumpran as pautas non serán obxecto de avaliación. Así mesmo, todos os traballos deberán cumprir unhas exixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal etc.); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán ser penalizadas na cualificación, segundo o documento Exixencias mínimas de corrección lingüística (aprobado pola Sección Departamental de Galego-Portugués no día 06.07.2018 e pendurado en Moodle).

3. O alumnado con matrícula parcial

e/ou dispensa académica deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante estudantado. Se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

4. Na 2.^a oportunidade o

alumnado será avaliado cos mesmos criterios que na ocasión anterior, só que as actividades prácticas derivadas do "Obradoiro" presencial pasarán a ser substituídas por outras similares que se entregarán nos prazos marcados polo profesor. Antes da data oficial do exame ten de ser entregado o "Traballo tutelado". No caso da "Presentación oral", marcarase un día para a súa realización. De haber convocatoria adiantada de decembro, serán aplicados idénticos principios de avaliación que na 2.^a oportunidade.

5. A cualificación de NON

PRESENTADO/A será considerada cando o alumnado non se presentar á "Proba mixta" e non entregar ningunha das actividades contempladas na avaliación.

6. A materia poderá ser adaptada

ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Filoloxía (no seguinte enderezo electrónico: pat.filoloxia@udc.gal).

Aviso

importante: Os

traballos presentados polo alumnado poderán ser incorporados ao Turnitin, ferramenta para a detección do plaxio e de traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, inclusive pola/o mesma/o estudante. Se se producir algunha destas circunstancias, poderán ser aplicadas as medidas contempladas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións

dos estudos de grao e de mestrado universitario da Universidade da Coruña (artigo 14.4).



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Barroso, H. (1999). Forma e Substância da Expressão em Língua Portuguesa. Coimbra. Almedina - Catford, J. C. (1994). A Practical Introduction to Phonetics. Oxford. Clarendon - Fernández Rei, F. (1991). Dialectoloxía da lingua galega. Vigo. Xerais - Fernández Rei, Elisa & Regueira, Xosé Luís (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Ferreiro, M. (1999). Gramática histórica galega I. Fonética e Morfosintaxe. Santiago: Laiovento - Freixeiro Mato, X. R. (2006). Gramática da lingua galega I. Fonética e fonoloxía. Vigo. A Nosa Terra - Hernández Guerrero, José Antonio & García Tejera, María del Carmen (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona: Ariel - López Viñas, Xoán / Lourenço Mória, Cilha / Moreda Leirado, Marisa (2011). Gramática da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións - Martínez Celdrán, E. (2002). Introducción á fonética. O son na comunicación humana. Vigo: Galaxia - Regueira Fernández, X. L. (coord.) (1999). Os sons da lingua. Vigo. Xerais - Regueira Fernández, X. L. (2012). Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI. A Coruña: Real Academia Galega - Regueira Fernández, X. L. (2013). Estándar oral e modelos de lingua. A letra miúda 2 (http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html) - Studer, Jürg (2000). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer . Madrid: El Drac
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> - Álvarez Blanco, R. (1988). Consideracións sobre a metafonía nominal galega, en Homengem a Joseph Piel per ocasião do seu 85º aniversario. Tübingen. Instituto da Cultura e Língua Portuguesa e Consello da Cultura Galega - Bagno, M. (2001). A língua de Eulália. Novela sociolingüística. São Paulo. Contexto - Fernández Rei, F. / Hermida Gulías, C. (2004). A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego. Santiago: Consello da Cultura Galega - Kerbrat-Orecchioni, C. (2006). Análise da conversación. Principios e métodos. São Paulo: Parábola - Morales, C. J. (2001). Guía para hablar en público . Madrid: Alianza - Regueira Fernández, X. L. (1994). Modelos fonéticos e autenticidade lingüística. Cadernos de Língua 10. 37-60 - Regueira Fernández, X. L. (1999). Estándar oral e variación social da lingua galega, en Cincidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero. Santiago de Compostela. Universidade de Santiago de Compostela - Regueira Fernández, X. L. (2011). Dicionario de pronuncia da lingua galega. Santiago de Compostela: Instituto da Língua Galega - Sánchez Rei, X. M. (ed.) (2014). Modelos de lingua e compromiso. A Coruña: Baía Edicións - Veiga Arias, A. (1976). Fonología gallega. Valencia. Bello <p>Fornerase bibliografía específica por temas.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Língua Galega 1/613G02002

Língua Galega 2/613G02014

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías